

# *Todo o que Ude. debe saber sobre educación e participación ambiental en tan só 30 minutos*

**Isabel Lema Blanco**

Consultora  
isabel.lema.blanco@gmail.com

## *1. Qué é a Educación Ambiental e cales son as súas características.*

---

O Libro Blanco da Educación Ambiental define nas súas primeiras páxinas a Educación Ambiental como “**unha corrente internacional de pensamento y acción cuxa meta é procurar cambios individuais e sociais que provoquen a mellora ambiental e un desenvolvemento sostible**”.

### **¿Para qué?**

A Carta de Belgrado establece que a meta da EA é “*Lograr que a poboación mundial teña conciencia do medio ambiente e se interese por el e polos seus problemas conexos e que conte cos coñecementos, aptitudes, actitudes, motivacións e desexos necesarios para traballar individual e colectivamente na busca de solucións aos problemas actuais e para previr os que puideran aparecer no sucesivo*”.

En resumidas contas, É a educación que nos informa e nos capacita **para tomar decisións** sobre os problemas ambientais e nos prepara **para actuar** a favor da súa resolución e prevención”.

Polo tanto, temos 3 obxectivos fundamentais:

**1. Informar e Comunicar:** Dar a coñecer á cidadanía un problema concreto e as súas posibles solucións, un proxecto, etc. Aumentar o coñecemento sobre o medio ambiente é o primeiro paso.

**2. Formar e capacitar:** Facilitar a comprensión dos procesos ambientais, en conexión cos sociais, económicos e culturais e acadar unha actitude favorable.

**3. Participar:** Motivar e acadar unha conduta PRO-Ambiental: implicación directa das persoas no coñecemento, valoración, prevención e corrección dos problemas ambientais.

**Estos 3 obxectivos dannos tamén a clave para desenvolver unha estratexia de educación ambiental, que deberá contar cos seguintes elementos:**

---

**1. Información ambiental:** É o vehículo polo cal a sociedade adquire conciencia da situación actual do medio ambiente e das accións precisas para lograr un desenvolvemento sostible. A información ten que ser veraz, rigurosa, actualizada e contrastada.

Podemos contar con múltiples recursos para facer chegar esta información á cidadanía:

- *Páxinas Web.*
- *Revistas especializadas.*
- *Bibliotecas municipais.*
- *Foros de medio ambiente.*
- *Xornadas informativas.*
- *Libros e publicacións.*
- *Tablóns de anuncios de organismos públicos*
- *Publicacións oficiais.*
- *Centros educativos...*

**2. Formación e Capacitación:** Trátase de promover actuacións ou programas formativos que capaciten á cidadanía para que comprendan a complexidade dos problemas e participen activamente na resolución dos mesmos.

Todo proxecto de educación ambiental debe contar cunha planificación rigurosa e unha avaliación da consecución dos obxectivos. No punto 3 deste documento veremos o contido básico dun proxecto de EA.

**3. Participación:** Trátase de compartir as decisións que afectan á toda a comunidade coas persoas afectadas ou interesadas, incentivando e facilitando a súa implicación na toma de decisións e na búsqueda de solucións aos problemas ambientais. Cos procesos participativos refórzase a corresponsabilidade e o sentimento de pertenza á unha comunidade. Profundizaremos máis adiante neste concepto.

**4. Investigación e Avaliación:** diagnósticos ambientais, enquisas de opinión, seguimento de programas, investigación-accion...

O **Libro Blanco da Educación Ambiental** está dispoñible en versión electrónica en numerosas páxinas de Internet. Tamén existe unha versión divulgativa do mesmo **“El libro blanco de la EA en pocas palabras”** moi útil para introducirse nesta temática.

A **Estratexia Galega de Educación Ambiental** ([www.sgea.org](http://www.sgea.org)) achega as directrices do Libro Blanco á realidade galega.

## *2. A integración da E.A. nun proxecto ambiental local e global. O concello como exemplo para a cidadanía*

---

A política ambiental europea fai cada día máis fincapé na necesidade de integrar o medio ambiente no conxunto das políticas públicas, e establece como principio clave da xestión ambiental a participación da cidadanía na elaboración dos plans e programas promovidos dende as distintas administracións públicas.

### **En primeiro lugar, as obrigas legais: O Convenio Aarhus.**

---

Este novo enfoque adopta carácter normativo cando a Comisión Europea aproba o **Convenio de Aarhus** (trasposto á lexislación española na Lei 27/2006, Lei Aarhus) **sobre acceso á información, participación do público na toma de decisións e acceso á xustiza en materia ambiental**, vinculante á todas as administracións públicas.

O convenio e a Lei Aarhus recoñecen que a información por sí sola non é suficiente e recollen explicitamente a necesidade de promover a educación ambiental e a concienciación do público por parte das administracións públicas. O dereito á información ambiental inclúe calquera información que garde relación co ambiente (proxectos, medidas ou actividades que podan afectar aos elementos do medio ambiente; estado da saúde e da seguridade das personas, turismo, transporte, enerxía, agricultura, pesca...).

Ademáis recóllese a obriga legal de difundir certa información ambiental empregando as TICs (tecnoloxías da información e da comunicación): políticas, programas e plans relativos ao medio ambiente (e as avaliacións ambientais); informes sobre o estado do medio ambiente; acordos ou autorizacións en materia de medio ambiente; estudos de impacto ambiental...

En canto á participación pública, é un requisito legal que as administracións escoiten as aportacións do público e que éstas influan debidamente na decisión final. Para formalizar os procesos de participación debe haber: unha efectiva comunicación do proceso; unha información adecuada; uns procedementos apropiados e a debida consideración dos resultados da participación na decisión final, para iso, a participación deberá ser “temprana, adecuada e efectiva”.

### **Predicar co exemplo: A Axenda Local 21 e a Carta de Aalborg.**

---

Os concellos son actores fundamentais na xestión ambiental e na promoción de modos de vida máis sostible a través das políticas públicas, posi actúan directamente no ambiente a través da promoción de obras públicas, actividades turísticas, de ocio e tempo libre, e na xestión de recursos naturais (espazos verdes, auga, enerxía), entre moitos outros.

Neste senso, un concello que decida iniciar un proxecto de educación ambiental debe ser consciente de que a propia administración debe facer pedagogía e “predicar co exemplo”, é dicir, debe ser coherente entre o que anuncia e o que fai, pois ten un alto valor educativo. As boas prácticas ambientais no concello poden ter un impacto positivo na cidadanía.

En segundo lugar, para desenvolver un proxecto de educación ambiental é requisito previo coñecer e inserir estas actividades nos plans e programas ambientais que desenvolva o concello. É dicir, a educación ambiental é unha ferramenta para mellorar a calidade de vida ou a xestión ambiental do noso concello. Non é un fin en si mesma.

## A Carta de Aalborg.

---

A Carta de Aalborg integra os compromisos asumidos polas autoridades locais participantes na primeira Conferencia Europea sobre Cidades e Municipios Sostibles. O obxectivo da Carta de Aalborg é establecer un marco común de actuación para lograr o desenvolvemento sostible, partindo dende o ámbito local.

Os concellos asinantes comprométense a impulsar a Axenda 21 dentro do seu concello. A Carta de Aalborg é de grande relevancia para a EA porque introduce a importancia de “perseguir a educación e a formación en materia de desenvolvemento sostible” e esta labor educativa relaciónase coa necesidade de contar coa participación cidadá para crear unha comunidade sostible.

En España os concellos asinantes da Carta de Aalborg intégranse na Rede de cidades e Municipios Sostibles (dependente da FEMP). Existe tamén a rede de cidades polo clima, que promove políticas de loita contra o cambio climático dende os concellos.

## 3. *Mans á obra: deseño dun programa de Educación Ambiental.*

---

Un Programa de Educación Ambiental é una estratexia educativo-ambiental que describe un plan de actuación normalmente para a solución dun problema ambiental, dirixido a un sector de la poboación, e que conta cuns obxectivos, unha metodoloxía, uns recursos e unhas actividades determinadas, nun espazo temporal máis ou menos preciso.

### **Todo Programa de Educación Ambiental debe contemplar:**

1. A análise do **problema**
2. A análise dos posibles **destinatarios** da nosa actividade.
3. A definición dos **contidos** (mensaxes) e temas centrais.
4. A elección dos **medios** (instrumentos) para a comunicación eficaz.

### **Cómo se estructura un programa de EA?**

#### **Fase Preliminar ou diagnóstico**

Fundamentación teórica  
Motivación  
Xustificación  
Destinatarios localización

#### **Planificación ou programación**

Obxectivos  
Contidos  
Metodoloxía  
Actividades  
Temporalización (cronograma)  
Recursos (humanos, materiais e financeiros)  
Orzamento  
Avaliación

Existen numerosos manuais que desenvolven o proceso de elaboración de programas de educación ambiental. Un dos máis sinxelos, para iniciarse nesta materia é a “Guía para la elaboración de programas de educación ambiental” (Guadalupe Lecumberri e Javier Arbuniés. Edit: Centro Unesco de Navarra).

### **Un exemplo de estratexia de EA dentro da Axenda 21 Local:**

A Axenda 21 de Vitoria-Gasteiz deseñou unha estratexia educativa baseada na información, na formación e na participación pública:

#### **Estratexia Informativa:**

- Sistema de Información Ambiental (SIAM) de Vitoria- Gasteiz.
- Teléfono Municipal de Información ao Cidadán (010).
- Enquisas periódicas sobre a problemática ambiental.
- Publicación de documentos formativos e informativos.

#### **Estratexia Educativa:**

- Programas de EA en radio, e publicacións do Concello.
- Campañas específicas en centros educativos.
- Organización de visitas guiadas
- Campañas de educación sobre o medio natural

**Estratexia Participativa:** O Consello Sectorial de Medio Ambiente.

*Fonte: Axenda 21: O caso de Vitoria. Jon Kepa Zarrabe*

## *4. A clave do éxito: a participación cidadá.*

---

Non é posible unha xestión efectiva dos recursos naturais, unha protección real da calidade ambiental e a promoción dun desenvolvemento máis sostible e solidario, sen a **intervención activa, formada e solidaria da cidadanía** (Ricardo de Castro).

### **¿A qué chamamos Participación Cidadá?**

A participación ambiental ten sido definida como: “o proceso de implicación directa das persoas no coñecemento, a valoración, a prevención e a corrección de problemas ambientais” É dicir, é o proceso mediante o cal os individuos toman decisións sobre as institucións, programas e ambientes que lles afectan.

### **¿Qué beneficios teñen os procesos de participación cidadá?**

---

Segundo Paco Heras (“EntreTantos, Guía Práctica para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientales y sostenibilidad”), os procesos participativos:

- Contribúen a unha resolución máis eficaz dos problemas: Permítenos coñecer cómo perciben a situación os cidadáns máis afectados ou próximos a ela.
- Fomentan a integración social e a construción dunha comunidade viva, integradora, comunicativa, respectuosa, e responsable, con capacidade de tomar decisións sobre o seu futuro.
- Preven conflitos sociais, pois a participación favorece a construción de consensos e a busca de solucións.
- Permiten unha mellor comprensión das decisións adoptadas, da complexidade das variables que inciden; dos efectos que deben ser previstos; e das limitacións que condicionan a toma dunha decisión.
- Facilitan a continuidade das intervencións decididas: As iniciativas amplamente respaldadas teñen máis posibilidades de permanecer no tempo que aquelas que non o son.

## **INSTRUMENTOS PARA A POSTA EN MARCHA DE PROCESOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

Contamos con numerosos recursos para promover actividades de participación ambiental. Imos destacar algunhas delas, sinxelas e fáciles de aplicar.

### **1. Enquisas e estudos de opinións.**

Os Sondeos e estudos de opinión empréganse para coñecer as preocupacións dos cidadáns e os seus puntos de vista sobre aspectos conflictivos. Proporcionan unha primeira aproximación ás ideas e actitudes dunha poboación. Ademáis, permítenos identificar grupos de interese cos que poder intervir e participar máis en profundidade.

## **2. Certames de Ideas.**

Os Certames de Ideas son convocatorias abertas nas que se solicita a presentación de proxectos ou ideas para resolver un problema ou abordar un reto. Promoven a construción de solucións aos retos plantexados, e a transferencia de coñecementos.

## **3. Buzón Verde e consultas a sectores interesados.**

O Buzón Verde é un procedemento de atención ás consultas e suxerencias dos cidadáns sobre as cuestións ambientais: Permite “detectar” os problemas ambientais de forma máis rápida. Debemos responder con seriedade e axilidade ás consultas e as suxerencias e demandas cidadás deben ser trasladadas aos ámbitos de decisión adecuados.

As consultas aos sectores interesados permítenos obter un panorama dos intereses e posturas dun colectivo respecto dun tema, o que nos permite planificar as seguintes etapas do proceso participativo. A consulta a sectores afectados ou interesados é obrigatorio en proxectos que requiren Estudos de Impacto Ambiental.

## **4. Xornadas participativas ou debates Públicos**

Nos debates públicos o concello presenta a iniciativa a debater, establecéndose un diálogo entre políticos/técnicos e cidadáns, co fin de buscar unha solución consensuada. Aportan transparencia e contribúen a mellorar e fomentar a información e a comunicación social. Poden resultar pouco operativos se o público é numeroso, ou se non acoden as persoas adecuadas.

## **5. Foros e Consellos ambientais.**

Os Foros e Consellos participan do proceso de elaboración e execución das políticas ambientais promovendo debates xerais e asesorando ao concello (son órganos consultivos). Créanse para implicar a todos os sectores da comunidade na planificación da xestión ambiental. No Foro Ambiental están representados o maior número posible de grupos de interese: Goberno local (Concelleiros e Técnicos); Outras Administracións (Xunta, Estado); Colectivos cidadáns; Asociacións; Grupos ecoloxistas, Cámara de Comercio; Grandes Empresas; pequenos comerciantes, Sindicatos.

## **6. Voluntariado ambiental**

É un voluntariado que actúa na prevención dos problemas ambientais, contribúe á mellora da xestión ambiental, detecta problemas emerxentes, sensibiliza á sociedade e trata de comprometela na súa solución.

É unha estratexia clave de concienciación e compromiso da sociedade co medio ambiente: Permite intervir á cidadanía na solución dun problema ambiental mediante a acción directa.

Para desenvolver un proxecto de voluntariado con éxito e permanencia no tempo é preciso ser capaces de identificar a idoneidade das iniciativas e propostas de voluntariado atendendo a: o valor educativo; a oportunidade; o interese dos participantes; o valor sensibilizador; e requisitos para a posta en marcha. É importante que os participantes poidan intervir no deseño e na toma de decisións sobre o programa de voluntariado ambiental.

Así mesmo, hai que establecer unhas **bases claras para o voluntariado**:

- Determinación do marco de traballo;
- Delimitación de tarefas;
- Establecemento de dereitos e deberes;
- Planificación e organización;
- Atención personalizada.

En todo caso, non se debe desviar cara o voluntariado as responsabilidades e funcións que lle competen ao Concello como garante dos servizos públicos.

Unha das principais satisfaccións do voluntariado é o aprendizaxe que vai asociado á súa tarefa. A Formación dos voluntarios pode ser:

- Formación inicial.
- Formación específica.
- Formación complementaria.

Máis información: Javier Asín Semberoz. “Educación Ambiental nas cidades, nas vilas, nas aldeas” e no “Libro Blanco da Educación Ambiental en España”.

### **Unha experiencia exitosa de foro ambiental: a Axenda 21 de Barcelona.**

O Concello de Barcelona puxo en marcha a Axenda Local de BCN creando en 1998 o “Consello Municipal de Medio Ambiente e Sostenibilidade”, un fórum participativo que reúne máis de 100 actores cidadáns e cuxo maior éxito foi a elaboración e aprobación conxunta, no ano 2000, do documento de debate “Hacia la Agenda 21 de BCN”.

Ao longo do ano seguinte presentouse dito documento á toda a cidadanía bercolonesa, buscando o debate e a participación cidadá: realizáronse máis de 200 actos presenciais, con participación activa de máis de 3.500 persoas, púxose en marcha dunha web con máis de 2500 visitas mensuais, celebración de debates monográficos...”

En xullo de 2002 realizouse a firma do “**Compromiso Ciudadán pola Sustentabilidade**”: o documento núcleo da A21 de BCN, que plasma os obxectivos consensuados. Máis de 120 institucións firmaron un documento polo que se comprometían a concretar, mediante plans de acción voluntarios, a súa contribución aos obxectivos comúns.

Fonte: T. Castiella & T. Franquesa. Ciclos, 14 (2004)

## 5. Algunhas experiencias exitosas en Educación e Ambiental das que podemos aprender.

---

### 1. Programa “Fogares Verdes”.

"Fogares Verdes" é un programa educativo, dirixido a familias preocupadas polo impacto ambiental e social das súas decisións e hábitos cotiáns. Con esta iniciativa deséxase acompañalas no proceso de cambio cara a unha xestión máis responsable do seu fogar:

- \* **Promovendo o autocontrol do consumo doméstico de auga e enerxía**
- \* **Introducindo medidas e comportamentos aforradores**
- \* **Axudando a facer unha compra máis ética e máis ecolóxica**

Nunha primeira edición, os participantes afrontan o reto de aforrar nos seus fogares unha cantidade significativa de auga e enerxía. Para os participantes que queren manterse no Programa, nunha segunda edición, propónse unha forma máis respectuosa de consumir nos seus fogares. Para rematar, nunha terceira edición, realízanse talleres e actividades prácticas coas que afondar e seguir traballando nos temas propostos durante as dúas anteriores edicións.

### 2. Programa escolar "*De mi escuela para mi ciudad*"

O obxectivo fundamental deste programa é a participación infantil e xuvenil. Trátase dun programa centrado nas escolas pero aberto á cidade que non busca tan só a sensibilización nos problemas ambientais, senón unha participación activa.

Unha educación para a cidadanía que faga aos alumnos e alumnas non só conscientes, senón corresponsables dos problemas da súa cidade, capaces de analízalos, de interiorizar os, de buscar posibles solucións e de achegar as súas demandas, suxestións e inquietudes aos responsables municipais.

Foi posto en marcha en diversos concellos europeos e españois, pero a experiencia máis exitosa desenvólvese dende 1998 en Segovia, onde os escolares comezaron elaborando un "**Mapa emocional de Segovia: la ciudad desde la mirada de los niños**".

Continuaron nos anos seguintes elaborando un "**Diagnóstico medioambiental da cidade**" e do propio centro escolar. Na nova etapa traballan temas referidos ao uso do espazo público polos nenos: "**Los niños, la calle y el camino escolar**" e "**Los niños y los espacios de juego y ocio en la ciudad**".

O proxecto conta cunha páxina web onde se poden descargar todos os materiais editados e as actividades desenvolvidas o longo destes 12 anos.

### 3. Programa de *Voluntariado en Ríos*

Promovido polo Ministerio de Medio e Medio Rural e Mariño, pretende impulsar unha rede estable de voluntarios nas concas hidrográficas intercomunitarias.

O Programa de Voluntariado en Ríos ten como obxectivos específicos os seguintes:

- **Sensibilizar sobre os valores socioambientales dos sistemas fluviais.**
- **Promover a participación cidadá a través de grupos e entidades de voluntariado para o coñecemento, diagnóstico e mellora dos sistemas fluviais.**
- **Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural dos ríos no marco dun desenvolvemento sostible**
- **Fomentar a coordinación entre todos os axentes implicados.**

#### **Información:**

Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

[http://www.mma.es/portal/secciones/acm/aguas continent zonas asoc/dominio hidraulico/conserv restaur/lineas actu/voluntariado.htm](http://www.mma.es/portal/secciones/acm/aguas_continent_zonas_asoc/dominio_hidraulico/conserv_restaur/lineas_actu/voluntariado.htm)

Existe un programa similar no ámbito dos parques nacionais: Programa de Voluntariado en Parques Nacionales [http://www.mma.es/portal/secciones/el ministerio/organismos/oapn/oapn voluntariado.htm](http://www.mma.es/portal/secciones/el_ministerio/organismos/oapn/oapn_voluntariado.htm)

### 4. Programa *Climántica* sobre cambio climático.

**Climántica** é un proxecto de educación ambiental da **Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible** froito do traballo en equipo levado a cabo por diferentes expertos e que se iniciou en setembro de 2006.

O equipo **Climántica** consta de catro grupos de traballo –didáctica, edición gráfica, multimedia e asesoría científica – que traballan coordinados mediante o uso dunha plataforma colaborativa situada na intranet da web do proxecto.

Todas as unidades foron deseñadas para que a súa aplicación nas diferentes áreas, materias e módulos da ensinanza secundaria resulte interesante, sinxela e eficaz. Tamén hai produtos que van dirixidos ao ensino primario, deseñados nun marco máis lúdico e próximo á fantasía infantil – cómics, series de curtos de animación 3D, videoxogos – e outros para a **ciudadanía en xeral** como blogs na web, documentais e revistas.

Na **web de Climántica**, na que conflúe a totalidade do proxecto e donde é posible encontrar versións dixitais de partes das unidades editadas en papel, con un contido e un deseño totalmente adaptados ao medio, constituíndo por si mesmas **auténticas unidades didácticas multimedia** que permiten o seu completo desenvolvemento en soporte informático.

## **5. Programa de educación ambiental do *Concello da Coruña e a súa Área Metropolitana.***

Programa de educación ambiental do concello da Coruña, inxerido dentro dun programa educativo máis amplo, ofertado a todos os centros educativos da Coruña e área Metropolitana e adaptado aos diferentes ciclos educativos.

Liñas de actuación:

- **Plan de Residuos.**
- **Ciclo da Auga.**
- **Vexo VeXo: Itinerarios guiados**
- **O aire que nos rodea.**
- **A Axenda 21 escolar**

Máis info: <http://www.coruna.es/medioambiente/>

Para calquera consulta: [isabel.lema.blanco@gmail.com](mailto:isabel.lema.blanco@gmail.com)  
[www.sabelabranco.com](http://www.sabelabranco.com)